


Especial 1ª Semana Matemática



PENTATLÓN MATEMÁTICO

- Busca en Internet
- **TANGRAM**
- Cubo Soma
- Constrúe poliedros
- Lóxica matemática

ATOPA O TESOURO

UNHA ADAPTACIÓN DA NARRACIÓN **O ESCARABELLO DE OURO** DE E.A.POE

EXPOSICIÓN 15 DÍAS DE ESCHER


CURTAMETRAXES
DA XEOMETRÍA Á ARTE
CORUÑA IMPOSIBLE



EXPOSICIÓN DE POLIEDROS

Na Biblioteca do centro haberá unha exposición de poliedros regulares, semi-regulares, deltaedros e outros. Complétase, nas aulas, cun

TALLER DE POLIEDROS



CINE E MATEMÁTICAS


LUGAR: SALÓN DE ACTOS
HORA: 16:00 HORAS

5 de abril: *Cube*
12 de abril: *El indomable Will Hunting*
26 de abril: *Hackers*
3 de maio: *El amor tiene dos caras*
10 de maio: *Contact*

colecciona
Matemátic@s

ATOPA O TESOURO
UNHA ADAPTACIÓN DA NARRACIÓN
O ESCARABALLO DE OURO DE E.A.POE

Entre os documentos atopados no arquivo do antigo centro encontrouse un papel cos seguintes símbolos:





Ó principio non encontramos sentido a esta serie de signos incoherentes, pero sen dúbida que o escribiu quixo comunicar algo importante e segredo

Para tentar descifrar esta mensaxe seguiremos os seguintes pasos:

1. Le a narración: O Escaraballo de ouro de Poe, nela séguese un camiño para descifrar unha mensaxe que permite atopar un tesouro
2. O primeiro paso será facer unha estatística para saber con que frecuencia aparecen as letras na lingua galega. Para iso elixe unha páxina dun libro escrito en galego e fai unha táboa de frecuencias e porcentaxes
 Agrupa as letras en intervalos (por exemplo: menos do 2%, entre 2% e 6%, entre 6% e 10% e máis do 10%)
3. Segue o proceso anterior para a mensaxe codificada

Compara letras con símbolos e utilizando tamén o sentido das palabras, xa podes descifrar a mensaxe

¡Se o descubres gardo o segredo, se non algúen pódeche roubar o tesouro!



QUEN É E ONDE VIVE A PERSONAXE

Operación Hércules

Nas primeiras horas do martes, día 16 de Maio de 1589 - último ano do reinado de Felipe II - , aproveitando a ausencia de lúa, unha chalupa con tres homes a bordo deslízase polas augas da baía coruñesa, procedente do buque insignia da flota de Francis Drake.

O grupo, pertencente ó servizo secreto da coroa británica, estaba ó mando do capitán John Bartón, que coñecía perfectamente a cidade a onde se dirixían, pois, xustamente hai un ano, e co fin de espiar as manobras españolas, enrolárase como mariñeiro na Armada Invencible, que partía deste porto para enfrontarse á Armada Inglesa, que levaba anos castigando os barcos e os portos peninsulares: Cádiz, Sabres, Vigo, Baiona,... O comando inglés coñecía o número de soldados da guarnición coruñesa, a dotación artilleira da cidade e do forte de S. Antón, como resultas das confesións de prisioneiros tomados nos diferentes asaltos sucedidos dende a arribada da flota inglesa, o día 4 de Maio.

A chalupa logrou atravesar o sistema defensivo que opoñían os fortes de S. Antón e S. Diego e transcorría entre as galeras D. Juan de Luna e D. Pedro Manrique e deixaba atrás os restos do galeón S. Juan que se queimara había algúns días.

O comando, facéndose pasar por pescadores, habería de cruzarse, ó longo da noite, con pelotóns de arcabuceiros e fusileiros da dotación de defensa, que estaba ó mando do Capitán Troncoso; con grupos de veciños que acudían a defender as murallas; grupos de veciños, que aínda que vivían nos campos que rodean a cidade, dormían nas rúas, dende que viran os primeiros lumes da Torre de Hércules - sistema empregado cando había un perigo inminente - e ata serían testemuñas dunha sesión extraordinaria que o Concello celebraba no adro da Igrexa de Santiago para decidir a presentación do voto a Nosa Sra. do Rosario, que salvara á cidade dos ataques ingleses.

O mando inglés consideraba esta operación como a última oportunidade de conquistar a cidade, despois de que o asalto do pasado domingo fora rexeitado por soldados e cidadáns coruñeses.

O obxectivo da operación era capturar a unha

heroína local e mailo estandarte inglés que esta lle collera a un soldado caído na batalla . As ordes, xunto cun mapa especial, figuraban nun pergamiño cifrado que levaba o capitán e que anos despois apareceu no nº 16 da Rúa Cortaduría e levado á Biblioteca, onde o atopou un servidor.

O pergamiño, con data do 5 de Maio - Inglaterra non asumira o calendario Gregoriano - puido descifrase gracias ós coñecementos aportados polos discípulos dun filósofo e científico que nacería 7 anos despois de ocorrer estes feitos. Este pensador era o francés René Descartes, quen publicou en 1637 o Discurso do método, libro que aportaría un sistema chamado "cartesiano" para a localización de obxectos.


De seguro que se o grupo, do que estamos a falar, coñecera este sistema, lograría acadar o obxectivo que levou á cidade da Coruña e cambiar o curso da historia.

As ordes que figuraban no pergamiño e interpretadas no sistema cartesiano son:

1. Desembarcar en (7,1)
2. Viaxar ó Norte (0,3)
3. Simetría central respecto de (4,6)
4. Simetría axial respecto de $y = 6$
5. Simetría axial respecto $x = 4$
6. Traslación de vector (-3,-1)
7. Xiro de -90° arredor do punto (7,4)

chegando ó lugar onde atoparían á persoa buscada


Universidade de Santiago, a 12 de Novembro de 1758
Prof. D. Pedro de Bouzada e Campaña




O CUBO SOMA

O **Cubo SOMA** é un crebacabezas tridimensional integrado por sete policubos (un *policubo* é unha construción formada por cubos do mesmo tamaño pegados por caras), velaquí esas sete pezas:

A súa creación débese a Piet Hein. O obxectivo principal que se persegue con este puzzle consiste en formar un cubo (¡o que pode conseguirse de 240 maneiras diferentes!), pero tamén poden construírse outras moitas representacións, algunhas das cales mostramos a continuación:



As 7 pezas do cubo SOMA



¡Elas vírono ben!

As alumnas Antía Prego Pinazas, de 4º A, e Ana Iglesias Pallarés, de 4º C, decidiron participar no I CONCURSO DE NARRACIONES ESCOLARES "Y tú, ¿cómo lo ves?". Este concurso, convocado por NIVOLA libros y ediciones S. L., co gallo do ANO MUNDIAL DAS MATEMÁTICAS, xira arredor de personaxes matemáticos.



O traballo presentado por Antía céntrase na personalidade de *Sofía Sonia Kovalevskaya*, e o que asina Ana trata de *Ada Lovelace*.

Nos seguintes números de Douspierre mostraremos os traballos presentados pos estas mozas

colecciona Matemátic@s

O mércores, día 5 de abril e á hora do recreo, os alumnos que o desexen poderán recoller na conserxería do centro un álbum e un sobre con 27 cromos de matemátic@s todos iguais.

O obxectivo é conseguir completar o álbum intercambiando os cromos repetidos cos compañeiros.

Os primeiros alumnos que o consigan deberán comunicalo ás bedeis, para tomar constancia do feito.

O profesorado tamén poderá cambiar cromos para recordar tempos mozos